

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o nove de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

20/247 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DO USO EN PRECARIO DE LOCAIS DA NAVE DO PARQUE DA MILAGROSA PARA ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE LUGO E APERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Participación Cidadá-Rexistro, do 21 de marzo de 2014, que, na parte expositiva, fai constar:

“Antecedentes de feito:

Dende hai varios anos, a Concellería de Servizos Xerais e Participación Cidadá do Concello de Lugo xestiona o Rexistro Municipal de Asociacións, no que figuran inscritas as distintas asociacións e entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven no noso municipio programas e actividades de interese xeral. Esta xestión supón, ademais da tramitación das correspondentes altas, baixas e modificacións que procedan, un asesoramento permanente ás asociacións nas súas relacións co concello de Lugo, así como o establecemento de liñas de axudas económicas para o desenvolvemento da súa actividade e de programas concretos, co fin de fomentar o asociacionismo como unha función básica.

No ámbito desta colaboración, e ao abeiro do contacto que de xeito permanente mantén coas asociacións, esta Concellería ten constancia da necesidade de moitas delas de dispor de locais para poder desenvolver as súas actividades, así como de recibir apoio económico por parte das administracións públicas á marxe das cotas aportadas polas persoas asociadas.


Fundamentación xurídica:

O artigo 72 da LRBRL 7/1985 establece que ‘As corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades...’

Afondando na mesma liña o ROF regula nos artigos 232 e seguintes unha serie de dereitos das asociacións (entre eles o acceso ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais) se ben só para aquelas que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Por maior abastanza o Regulamento Municipal de Participación Cidadá establece no artigo 14 que ‘as entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións poderán gozar do dereito a acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente aos locais e medios de comunicación coas limitacións que impoña a

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 1/15
 V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x190200247

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello. A Comisión de Goberno aprobará as normas para o exercicio deste dereito'.


O Concello de Lugo é titular da denominada 'Nave das Asociacións do Parque da Milagrosa', que consta de 10 locais e un salón. É con estes locais, adscritos á concellería de Servizos Xerais e Participación Cidadá, cos que se pretende dar resposta ás necesidades das asociacións mediante a autorización para o uso especial do dominio público municipal.

Na actualidade estes locais están ocupados mediante convenios asinados entre a Concellería de Servizos Xerais e Participación Cidadá e as asociacións que de seguido se detallan, xunto coas datas de finalización do seu uso:

- Local 0: Convenio coa "Sociedad Micolóxica Lucus", data de finalización o 7 de xullo de 2014.
- Local 2: Convenio coa "Escola Luguesa de Xadrez", data de finalización o 6 de xuño de 2014.
- Local 3: Convenio co "Comité Ciudadano Antisida", data de finalización o 5 de xullo de 2014.
- Local 4: Convenio coa "Asociación Lucense de Coches Antiguos y Clásicos", data de finalización o 23 de maio de 2014.
- Local 5: Convenio asinado coa "Federación de Asociacións de Veciños do Concello de Lugo", data de finalización o 1 de xullo de 2014.
- Local 6: convenio asinado coa asociación "Antigos Alumnos da Garda Civil", data de finalización o 16 de febreiro de 2015.
- Local 7: Convenio asinado coa "Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple", data de finalización o 19 de agosto de 2014.
- Local 8: Convenio asinado coa "Club Ciclista "Cidade de Lugo", data de finalización o 9 de marzo de 2015.
- Local 9: Convenio asinado coa "Unión de Asociacións Veciñais e Culturais da Cidade de Lugo", data de finalización o 30 de xaneiro de 2015.
- Local 10: Convenio asinado coa asociación "Cantigas e Flores", data de finalización o 29 de xuño de 2014.

Nos citados convenios establécese que 'o período de uso poderá prorrogarse por períodos iguais, se non é denunciado por algunha das partes cunha antelación de tres meses no caso da Asociación Club Ciclista Cidade de Lugo e de dous meses no resto de asociacións'. Non obstante, e como queira que cada convenio foi asinado nunha data diferente, tamén é distinto en cada caso o período de ocupación e de finalización de uso de cada local (período variable que vai dende o 23 de maio de 2014 ata o 9 de marzo de 2015). Así mesmo, e sendo coñecedora esta Concellería da existencia de moitas asociacións interesadas na utilización dos ditos locais, resulta esencial incoar e tramitar unha convocatoria pública á que poidan acollerse, en condicións de igualdade, as distintas asociacións do Concello de Lugo mediante a aprobación dunhas bases que establezan os requisitos e regras para a súa utilización. Non obstante, e tendo en conta o exposto, sinalase expresamente que as novas ocupacións por parte das asociacións que resulten

Código Seguro de verificación:V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 2/15
			
V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==			

adjudicatarias a partir da aprobación das presentes bases non serán efectivas ata a data de finalización do convenio asinado coas actuais adjudicatarias.

A utilización dos locais configúrase como unha utilización especial do dominio público e conforme o artigo 77 do RBEL a autorización para a súa utilización, toda vez está limitada o número destas –10 locais e un salón – debe suxeitarse a un procedemento de licitación pública.

Respecto ao órgano competente, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/388, do 29 de maio de 2013, é competencia desta a concesión e denegación de licenzas ou permisos para o uso común especial normal de bens de dominio público e o uso de instalacións municipais.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria pública para participar no procedemento de autorización de uso en precario de locais da “Nave das Asociacións do Parque da Milagrosa” para asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociación, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.


SEGUNDO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DO USO EN PRECARIO DE LOCAIS SITOS NA NAVE DAS ASOCIACIÓNS DO PARQUE DA MILAGROSA PARA ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE LUGO:

BASE PRIMEIRA .- OBXECTO:

Esta convocatoria ten por obxecto facilitarlles ás asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que desenvolven a súa actividade no

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 3/15
 V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x190200247

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

eido do Concello de Lugo un espazo axeitado onde desenvolver as súas actividades e dar cumprimento aos seus fins estatutarios.

Para tal efecto, o Concello de Lugo dispón dunha Nave de Asociacións do Parque da Milagrosa que consta de dez locais e un salón para a súa utilización por aquelas, así como para outras finalidades por parte dos servizos municipais.

Con esta convocatoria preténdese pór a disposición das entidades e asociacións que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e resulten beneficiarias os locais da dita nave mediante a autorización de uso temporal e en precario dos locais que se asignen.

BASE SEGUNDA.- REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán ter dereito ao acceso á utilización temporal en precario de local da "Nave das Asociacións do Parque da Milagrosa" as asociacións sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia.
- Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cunha antigüidade mínima de DOUS anos e que desenvolvan a súa actividade no concello de Lugo e redunde en beneficio da súa cidadanía.
- Que o obxectivo da asociación ou entidade sexa coincidente cos obxectivos perseguidos dende o Concello de Lugo, de xeito que complementen ou contribúan á consecución das funcións que lle son propias, isto é, á prestación de servizos e atencións que posibiliten a mellora da calidade de vida das persoas asociadas e da cidadanía en xeral, fomento da cultura, fomento da saúde, protección do medio ambiente, fomento do asociacionismo, protección de persoas ou grupos que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva así como a prevención e eliminación das causas que a orixinan.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo, respectivamente.
- Acreditar a necesidade do local para o desenvolvemento da súa actividade.


O cumprimento dos citados requisitos deberá ser acreditado coa presentación da solicitude, e en calquera caso, no momento da cesión, así como ao longo de todo o período de cesión de uso dos locais municipais.

Permítese que varias asociacións presenten un programa de actividades conxunto.

BASE TERCEIRA.- SOLICITUDES: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As asociacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar instancia (**segundo o modelo do anexo I**) subscrita por quen teña a representación legal, dirixida ao Excmo. Concello de Lugo no seu Rexistro Xeral ou utilizando os medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. A dita solicitude deberá acompañarse da documentación que

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 4/15
			
V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

se indica a seguir, agás no caso de que xa obre en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e a dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan:

- a) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.
- b) Declaración xurada acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo, respectivamente. (ANEXO I).
- c) Declaración xurada expedida polo órgano representativo da entidade onde conste:

1º.- Número de socios/os, persoal contratado pola entidade, número de voluntarias/os, persoas colaboradoras e usuarias do último ano segundo o ANEXO II.

2º.- Actividades realizadas:

- De forma gratuita con persoas alleas á asociación (SI/NON) (tachar o que non proceda).
- En cooperación co Concello de Lugo (SI/NON) (tachar o que non proceda).
- En cooperación con outras administración (SI/NON) (tachar o que non proceda).
- Realización de actividades de carácter terapéutico (SI/NON) (tachar o que non proceda).
- Realizadas en Lugo cunha convocatoria nacional e/ou internacional (SI/NON) (tachar o que non proceda).

3º A localización do enderezo social da asociación.

d) Documento acreditativo do réxime de posesión/utilización do local onde actualmente desenvolve a súa actividade, de ser o caso.

e) Programa de actuación que pretende desenvolver a entidade durante o período inicial da cesión de acordo co modelo establecido nestas bases (ANEXO III).

f) Xustificación da necesidade de uso do local solicitado para o desenvolvemento do programa ou actividades presentados segundo establece o ANEXO III.

O prazo de presentación das solicitudes serán DUN MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. A dita convocatoria publicarase, así mesmo, no Taboleiro de Edictos do Concello.

Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle á persoa interesada para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de DEZ DÍAS HÁBILES, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

BASE CUARTA.- PROCEDEMENTO

1. A Comisión de Avaliación: composición e funcións

Código Seguro de verificación: V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 5/15



Para exercer as funcións de instrución e avaliación nomearase unha comisión que terá a seguinte composición:

- **Presidenta/e:** A/O Concelleira/o do servizo correspondente.

- **Vogais:**

Unha/un técnica/o municipal do servizo correspondente destinado para o efecto.

- **Secretaria/o:** Unha/Un técnica/o municipal do servizo correspondente designado para o efecto.

A Comisión de Avaliación terá as seguintes funcións:

- Informar as solicitudes presentadas comprobando que as entidades solicitantes cumpren con todos os requisitos esixidos nestas bases, que a documentación esixida está completa e que o programa de actividades ten un contido social e/ou está dirixido a colectivos de atención social.

- Solicitar canta documentación ou informes sexan precisos para a realización das súas funcións.

- Elaborar unha proposta avaliadora provisional non vinculante de asignación de locais.

- Convocar a todas as entidades solicitantes que cumpran cos requisitos esixidos na convocatoria a unha reunión para a exposición do seu programa de actividades así como para a xustificación do uso solicitado. A secretaria da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación e de asignación de locais para a súa remisión ao órgano competente para resolver.

2. Resolución: órgano competente e prazo de resolución.

Será competente para resolver as solicitudes presentadas a Xunta de Goberno Local de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/388.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de **DOUS** meses a partir da finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

3. Sinatura de aceptación das condicións de uso.


A resolución seralle notificada ás entidades que resultaran beneficiarias, con indicación da data de ocupación do local. A entidade deberá asinar, no prazo de 15 días hábiles contados dende a notificación da autorización, un documento de aceptación das condicións que se sinalan nesta convocatoria. De non asinar en prazo a documentación de aceptación ou as condicións que se acorden, enténdese que a asociación renuncia ao dereito de uso do local. A entrega de chaves a cada asociación por parte do Concello farase nun prazo de 10 días, contados dende o día de finalización do convenio anterior, tendo que presentar as novas adxudicatarias nesa mesma data o seguro de responsabilidade civil.

4. Elaboración de lista de agarda e réxime de uso de locais vacantes

As entidades e asociacións que non resulten beneficiarias a pesar de cumprir os requisitos establecidos na base segunda quedarán en lista de espera por orde de puntuación para un posible uso compartido posterior ou nos casos de renuncias ou recuperación do local por parte do Concello.

Código Seguro de verificación:V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 6/15



V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==

Se existen locais vacantes tras a finalización desta convocatoria, o órgano competente poderá autorizar a súa cesión de uso en precario a asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que cumpran os requisitos da presente convocatoria e presenten a súa solicitude por rexistro xunto con toda a documentación precisa.

BASE QUINTA.- RÉXIME DE USO DE LOCAIS E CRITERIOS DE ASIGNACIÓN.

1.- Número de locais asignados a cada entidade

A regra xeral de asignación de locais de acordo co principio de optimización de recursos será a de asignar un local para cada entidade solicitante. Excepcionalmente, poderase asignar a unha entidade solicitante máis dun local cando se xustifique de forma motivada a necesidade de ocupar máis dun local para o desenvolvemento do seu programa de actividades. En todo caso, o número máximo de locais asignados por entidade solicitante será de dous.

Nos supostos de uso compartido, as entidades deberán regular mediante o correspondente convenio asinado entre elas as condicións de uso do espazo ou da súa repartición, e quedará supeditada a cesión ao acordo entre as e os adxudicatarios. Neste caso, sen prexuízo de que as entidades poidan acordar outra cousa, os horarios serán os marcados polo Concello no correspondente acordo de cesión, para o cal se procurará ter en conta as preferencias e necesidades marcadas polas entidades na solicitude.

2. Criterios para a asignación de locais

Os criterios para ter en conta pola Comisión de Avaliación para a asignación dos locais serán os seguintes: maior número de persoas traballadoras contratadas ou persoas voluntarias, maior número de usuarias/os atendidas ou persoas beneficiarias das actividades, e a necesidade dun espazo amplo para o desenvolvemento do programa de actividades. A Comisión de Avaliación poderá ter en conta calquera outro criterio obxectivo que poida ser obxecto de valoración segundo os programas de actividades presentados.

BASE SEXTA.- DENEGACIÓN DE ASIGNACIÓN DE LOCAL POR INCOMPATIBILIDADE

A Comisión de Avaliación poderá propoñerlle ao órgano competente para resolver a denegación de asignación de local a algunha entidade solicitante por motivos de incompatibilidade na execución do proxecto con outros proxectos ou actividades. Neste suposto, a Comisión de Avaliación poderá propoñer a denegación de asignación de uso de local a unha entidade que realice un programa e/ou actividades que sexan incompatibles ou poidan supoñer un grave risco no desenvolvemento doutro programa executado por outra entidade que acadara unha puntuación máis alta tras a baremación efectuada.

De quedar locais vacantes ao remate desta convocatoria e de concorrer causa de incompatibilidade entre proxectos respecto a novas solicitudes de uso, terán sempre preferencia as entidades que teñan adxudicado un dereito de uso dos locais.

Código Seguro de verificación: V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 7/15



BASE SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a adxudicación dos locais, levarase a cabo unha valoración das entidades e dos proxectos presentados de acordo cos seguintes criterios xerais e específicos:

- **Impacto local e visibilidade da entidade solicitante (de 0 a 10 puntos):**

- Número de socias e socios Ata 3 puntos
- Número de persoas usuarias reais e potenciais Ata 3 puntos
- Número de profesionais contratadas/os pola entidade Ata 4 puntos

Calidade e tipoloxía do programa ou proxecto (de 0 a 20 puntos):

- Que o programa recolla unha adecuada metodoloxía e contemple os indicadores e instrumentos necesarios para levar a cabo unha adecuada e obxectiva avaliación dos resultados Ata 2 puntos
- Claridade e adecuada presentación do proxecto Ata 2 puntos
- Adecuación das actividades propostas para a consecución dos obxectivos e das dos profesionais asignados nelas Ata 2 puntos
- Que se trate de proxectos viables e cunha certa continuidade no tempo Ata 4 puntos
- Programa prioritario para a protección da saúde e benestar das persoas asociadas Ata 10 puntos

Caracter da asociación: Asociación veciñal..... 10 puntos.

Fomento da cultura, turismo e valores tradicionais de Lugo no exterior (de 0 a 20 puntos)

- Actividades realizadas no resto do país Ata 5 puntos
- Actividades realizadas fóra de España Ata 5 puntos
- Actividades con convocatoria nacional e/o /internacional Ata 10 puntos

Experiencia e implantación en Lugo da entidade solicitante. Puntuación máxima (de 0 a 10 puntos):

- Antigüidade da asociación Ata 3 puntos
- Antigüidade da asociación no RMA Ata 7 puntos

Uso do local (De 0 a 25 puntos):

- Diario 5 puntos
- Vontade de compartir 10 puntos
- Sede do enderezo social 10 puntos

Cooperación co Concello de Lugo, con outras administracións e/ou abertas ao público en xeral (de 0 a 30 puntos):

- Actividades realizadas con outras administracións Ata 3 puntos
- Actividades realizadas en cooperación co Concello de Lugo Ata 6 puntos
- Actividades abertas gratuitamente ao público en xeral Ata 6 puntos
- Actividades terapéuticas Ata 15 puntos

BASE OITAVA.- DURACIÓN DA CESIÓN:

A autorización de uso terá unha duración inicial DUN ANO, contado dende a data de ocupación do local que figura no acordo de adxudicación. Este período inicial de cesión prorrogarse por períodos iguais, se non é denunciado por algunha das partes cunha antelación de dous meses á data de finalización da cesión, sen

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 8/15



prexuízo da facultade do Concello de revisar en calquera momento as condicións da cesión e adxudicación de espazos.

Co inicio de cada ano natural, as entidades ocupantes dos locais cedidos deberán entregarlle ao Concello unha memoria das actividades levadas a cabo ao longo do ano anterior, onde se especifique o grao de consecución dos obxectivos programados.

A cesión do uso de locais é en precario, isto é, revogable en calquera momento por razóns de interese público sen dereito a indemnización.

BASE NOVENA.- CONDICIÓN DE USO DOS LOCAIS:

1.- USO COMPARTIDO

Os locais poderán ser cedidos a unha soa entidade ou a varias, de maneira que o utilicen de forma compartida, ben sexa no mesmo ou en distinto horario. Para tal efecto, as entidades deberán xustificar na súa solicitude a conveniencia de dispor en exclusiva do local solicitado ou en caso contrario a dispoñibilidade de compartir o local con outra asociación solicitante. Neste último caso as condicións para o uso compartido conveniaranse coas entidades ou asociacións afectadas no momento da avaliación das solicitudes pola Comisión de Valoración.

Nos supostos de uso compartido, as entidades deberán regular mediante o correspondente convenio asinado entre elas as condicións de repartición do espazo, e quedará supeditada a cesión ao acordo entre as e os adxudicatarios. Neste caso, sen prexuízo de que as entidades poidan acordar outra cousa, os horarios serán os marcados polo Concello no correspondente acordo de cesión, para o cal se procurará tomar en conta as preferencias e necesidades marcadas polas entidades na solicitude.

2.- MOBILIARIO

Os locais serán equipados integramente polas asociacións e entidades beneficiarias que achegarán, unha vez adxudicados os locais, unha relación de mobiliario e equipamento informático, etc., que se vai utilizar.

Os aparellos telefónicos serán procurados polas asociacións, contando cada local con liña telefónica propia.


3.- MANTEMENTO

O Concello correrá cos gastos de electricidade, auga corrente e calefacción dos locais das citadas naves, así como cos de mantemento e limpeza das zonas comúns. Enténdese por zona común aquela que pola súa natureza sexa susceptible de uso e aproveitamento común incluído o espazo destinado a salón.

No caso futuro de que o Concello instalase os oportunos contadores, en cada local, para calefacción e electricidade, poderalle requirir o importe dos citados gastos a cada asociación adxudicataria, quen deberá facer o ingreso deles na Tesourería municipal.

A limpeza e mantemento de cada local será responsabilidade directa dos cesionarios deles. Así mesmo, correrá de conta da asociación os gastos de teléfono. Nos casos de uso compartido, nos acordos de cesión e documentos de aceptación, estableceranse as fórmulas para que cada entidade aboe a parte correspondente ao seu consumo.

Código Seguro de verificación: V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 9/15
 V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x190200247

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-4-2014

4.- CUSTODIA DE CHAVES:

O documento de cesión que autorice o uso das dependencias especificará a persoa que se fai responsable do uso dos locais e á que se lle entregará unha única chave da porta de acceso e outra do despacho, así como de calquera outra que sexa necesario utilizar. De forma excepcional e tras solicitude razoable, poderase autorizar a realización doutras copias.

A última entidade en abandonar o local será a responsable do peche da porta de entrada.

5.- COORDINACIÓN DO USO:

A coordinación do funcionamento dos locais estará a cargo das propias entidades cesionarias en base a un sistema de rotación, de maneira que cada ano unha das entidades realizará as ditas tarefas, seguíndose para iso a orde que ocupan os nomes delas alfabeticamente, comunicándolle á Oficina de Participación Cidadá o nome da asociación e persoa que se ocupa da coordinación.

A persoa coordinadora será a encargada de relacionarse co persoal municipal responsable aos efectos de solucionar calquera problema ou cuestións que poida xurdir así como mediar nos posibles conflitos que se produzan entre as asociacións.

6.- RESPONSABILIDADE POR DANOS

As asociacións e entidades estarán obrigadas á conservación dilixente dos locais de uso exclusivo ou compartido así como os espazos de uso común incluído o mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os membros da asociación ou persoas usuarias ben por acción ou omisión efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias. Esta obriga non se aplicará para o caso de que as deterioracións deriven do uso e sen culpa da entidade ou por acaecemento dun caso fortuíto.

Así mesmo, serán responsables dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e que sexan causados polos seus membros ou persoas usuarias da asociación.

Cada entidade deberá xustificar no momento de iniciar a cesión de uso que ten concertada unha póliza de responsabilidade civil.

7.- UTILIZACIÓN DO SALÓN:

1.- O salón poderá ser utilizado por todas as asociacións e entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que precisen nalgún momento determinado a súa utilización, así como para a realización de actividades dos servizos municipais, quen terán sempre preferencia no uso.

2.- A autorización de uso do salón, tras solicitude das asociacións, será mediante Decreto da Alcaldía no que se establecerán os termos e as condicións de uso deste local. Así mesmo, fixarase un calendario de uso para o coñecemento xeral.


3.- O acceso ao salón para as asociacións que teñan concedido o seu uso será facilitado dende a Oficina de Participación Cidadá.

4.- As asociacións autorizadas deberán deixar o salón, unha vez utilizado, no estado en que o encontraron.

BASE DÉCIMA.- OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS

Código Seguro de verificación: V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 10/15


V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==

As entidades e asociacións que resulten beneficiarias quedarán obrigadas, sen prexuízo das demais obrigas establecidas nestas bases ou doutras que poidan impoñerse no correspondente acordo de cesión, a:

- a) A respectar os horarios de utilización dos locais.
- b) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade de acordo co programa de actividades presentado ao Concello coa correspondente solicitude de cesión, así como a respectar a finalidade e destino dos espazos comúns, e os asignados a outras entidades.
- c) Manter unha conduta baseada no respecto mutuo en relación coas e cos demais usuarios dos locais.
- d) Conservar os espazos asignados para uso individual e o espazo común en óptimas condicións de orde, salubridade e hixiene.
- e) O dereito de uso do local é persoal e intransferible, polo que non poderá ser arrendado nin cedido en todo ou en parte, nin sequera a título gratuito ou accidental.
- f) As entidades comprométese a dotar os locais do equipamento necesario que lles garanta o desenvolvemento da súa actividade.
- g) Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil pola cobertura dos danos que poidan ocasionarse ás instalacións, elementos comúns ou a terceiros.
- h) A comunicarlle ao Concello de Lugo así como á ou ao coordinador en cada momento calquera anomalía, incidencia ou problema que puidera xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- i) A devolverlle ao Concello os locais nas condicións en que lles foron cedidos, agás o desgaste motivado polo seu uso.
- j) permitirle en todo momento ao Concello o exercicio da facultade de inspección e seguimento do cumprimento das condicións de cesión, facilitándolle, ademais, o acceso aos diversos espazos e proporcionando a información e a documentación que lle sexa requirida. En calquera caso, o Concello poderá acceder directamente aos locais por causas xustificadas.
- k) A non obter beneficio económico ningún por calquera das actividades que se realicen no local social e no salón, salvo os ingresos en concepto exclusivamente de cotas das socias e socios das respectivas entidades.


O Concello non se fai responsable dos danos ou extravíos que poidan producirse no material das entidades.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- CAUSAS DA EXTINCIÓN DA CESIÓN DO USO:

O acordo de cesión de locais poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- Falseamento en calquera dos datos facilitados ao Concello para adquirir o dereito ao uso ou con posterioridade.
- Utilización do local para fins distintos dos establecidos no acordo de cesión.
- Disolución ou suspensión da entidade.
- Incumprimento grave das obrigas establecidas nesta convocatoria.
- Mutuo acordo entre as partes.

Código Seguro de verificación: V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 11/15
 V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

- Por renuncia da entidade.
 - Por denuncia do Concello, realizada cunha antelación de 2 meses á data de finalización da data de uso.
 - Por utilizar o local para obter ingresos económicos das persoas usuarias do local social que sexan diferentes ás achegas económicas que realizaran como socias/os.
 - Por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos. Enténdese que non existe utilización efectiva cando nun período continuado de dous meses non se realizara no local actividade ningunha.
- Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión ou a autorización de uso, a entidade deberá reintegrar ao Concello de Lugo o uso do espazo no termo máximo de 15 días. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CESIÓN TEMPORAL DE USO EN PRECARIO DE LOCAIS SITOS NAS NAVES DAS ASOCIACIÓNS DO PARQUE DA MILAGROSA PARA ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REGISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS


D.ª/D.----- con DNI -----, teléfono núm. -----, domiciliado/a na r/pr. -----, núm.---- piso: ----, CP -----; localidade -----, en representación da entidade /asociación----- con domicilio social na r/p-----, núm.----, piso----, CP -----, teléfono núm. -----e e-mail-----, na localidade de -----, que figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número-----

SOLICITA:

- 1.- Participar na convocatoria pública efectuada polo Concello de Lugo para a cesión temporal de uso en precario de local sito nas Naves das Asociacións do Parque da Milagrosa para a realización do proxecto ou actividade que se especifica na memoria que se achega.
- 2.- A asociación/entidade prevé que o desenvolvemento da actividade ou proxecto se desenvolva no seguinte horario----- (explicar no Proxecto de actividade).
- 3.- A asociación/entidade solicita que a cesión de local se realice SI/NON (tachar o que non proceda) en réxime de utilización compartida. *No caso de que non proceda a utilización compartida, indicárase no Proxecto os motivos que o impiden.
- 4.- Acepto, en nome da asociación/entidade que represento, o compromiso de utilizar o local exclusivamente para os fins non lucrativos da entidade que figuran nos seus estatutos e a desenvolver coa máxima dilixencia o programa de actividades presentado xunto con esta solicitude.
- 5.- Declaro baixo xuramento que a entidade que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 12/15


V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==

Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

Lugo, ----- de-----de 2014

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Xúntaselle a esta solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a/o solicitante na entidade ou asociación
- Declaración xurada (ANEXO II)
- Proxecto conforme ANEXO III
- Documento acreditativo do réxime de posesión/utilización do local onde actualmente desenvolve a súa actividade, se é o caso.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA aos EFECTOS DE SOLICITAR A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CESIÓN DE USO EN PRECARIO DE LOCAL SITO NAS NAVES DAS ASOCIACIÓNS DO PARQUE DA MILAGROSA.

D./D.^a-----con DNI -----en calidade de (presidente, secretario...) da asociación -----.

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1- Esta entidade **non é propietaria** de ningún ben inmovible que lle permita desenvolver a súa actividade e cumprir os seus fins estatutarios no concello de Lugo.

2- O local utilizado actualmente para o desenvolvemento da actividade está en réxime de ----- (indicar o que proceda: alugamento, uso en precario...)


3- O número de socios/as, persoal contratado, persoas colaboradoras e usuarios a día 31 de xaneiro de 2013 da entidade no Concello de Lugo son os seguintes:

- a Número de socios:
- b Número de profesionais contratadas/os:
- c Número de persoas usuarias en 2013:
- d Número de persoas usuarias non asociadas:

4.- Realiza actividades :

- De forma gratuíta con persoas alleas á asociación (SI/NON) (tachar o que non proceda)
- En cooperación co Concello de Lugo (SI/NON) (tachar o que non proceda)
- En cooperación con outras administración (SI/NON) (tachar o que non proceda)

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 13/15
 V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==			

- 5.- Realiza actividades fora do Concello de Lugo e/o internacionais. (SI/NON) (tachar o que non proceda)
6.- Realiza actividades que complementan ou substitúen o sistema de saúde (SI/NON) (tachar o que non proceda)
7.- Realiza actividades en Lugo con convocatoria nacional e/o internacional (SI/NON) (tachar o que non proceda)

Lugo, ----- de-----de 2014
(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO III:
PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER POLA ASOCIACIÓN NO LOCAL DAS NAVES DAS ASOCIACIÓNS DO PARQUE DA MILAGROSA AO LONGO DE 2014

A.- DATOS DA ASOCIACIÓN SOLICITANTE.

- 1.- Denominación da entidade/asociación solicitante
- 2.- CIF
- 3.- Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax, e-mail,
- 4.- Ano de constitución da entidade e inicio da actividade en Lugo:
- 5.- Nome e apelidos da **persoa de contacto**

B.- EXPERIENCIA DA ENTIDADE NO CONCELLO DE LUGO:

Este apartado deberá incluír, por unha banda, unha breve descrición do programa de actuacións desenvolvidos en Lugo dende o inicio das actividades no termo municipal, e así mesmo máis especificamente unha exposición dos diferentes proxectos ou actividades realizados durante os últimos dous anos.

C.- IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

- IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

- 1.- Título
- 2.- Persoas destinatarias-beneficiarias
- 3.- Breve descrición xeral do proxecto.
- 4.- Descrición da situación á que trata de responder o proxecto. Fundamentación
- 5.- Duración do proxecto
- 6.- Detallar actividades que se realizaran no local social xunto co horario de cada unha delas.


7.- No caso de responder afirmativamente nos puntos 4, 5, 6 e 7 do anexo II, detallar as actividades.

EXECUCIÓN

- 1.- Recursos técnicos e materias de que se dispón.
- 2.- Recursos humanos: cualificación, número, tarefas e distribución delas.
- 3.- Seguimento e avaliación (accións de seguimento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación)
- 4.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade)

Código Seguro de verificación:V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 14/15


V0uQs jzgMvQil+0qeDNPRg==

5.- Actividades para realizar no local social e horario necesario para o seu desenvolvemento.

6.- Xustificación da imposibilidade de uso compartido do local para o desenvolvemento da actividade.

- OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS

1.- Obxectivos a curto prazo

2.- Obxectivo a longo prazo

3.- Resultados esperados e distribución temporal se o houbese.

4.- Impacto social da acción.

5.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

- VIABILIDADE

1.- Viabilidade técnica (execución, xestión e funcionamento, así como continuidade)

2.- Viabilidade económica (financiamento dos gastos de xestión e funcionamento do proxecto con detalle de financiamento propio e alleo)"

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia deste acordo a fin de que as entidades e asociacións interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Estas tamén se inserirán no Taboleiro de Anuncios do Concello.

CUARTO.- Este acordo pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:


Contencioso-administrativo ante ao Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución poderase interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da publicación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	14/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==	PÁGINA 15/15
 V0uQsjzgMvQil+0qeDNPRg==			